

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*ANUNCIO do 12 de agosto de 2020 polo que se fai pública a resolución da concesión dunha bolsa de formación para a xestión de procesos de avaliación e calidade.*

Mediante a Resolución do 23 de decembro de 2019 (DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 2020) convocouse unha bolsa para a xestión de procesos de avaliación e calidade.

En cumprimento do establecido na base décimo segunda da dita Resolución do 23 de decembro de 2019, a Comisión de Avaliación elevou á directora da EGAP unha proposta de adxudicación e elaborou unha listaxe de suplentes por orde decrecente de puntuación que sería operativa, entre outros casos, no suposto de que o/a bolseiro/a seleccionado/a manifestase expresamente a súa non aceptación da bolsa.

De acordo coa base décimo terceira da Resolución do 23 de decembro de 2019, a bolsa foi adxudicada de acordo coa proposta de adxudicación elevada pola Comisión de Avaliación á persoa con maior puntuación no proceso de selección que, porén, con anterioridade a adoptarse a resolución de adxudicación comunicou expresamente a desistencia da súa solicitude. Por tal motivo, procedía ditar unha resolución de adxudicación en favor da primeira persoa con maior puntuación da listaxe de suplentes.

Esta resolución de adxudicación foi ditada por delegación en virtude do disposto polo apartado 1º i) da Resolución da Dirección da EGAP do 17 de decembro de 2007 sobre delegación de competencias no secretario xeral.

De acordo co exposto e coa obriga de publicidade recollida na base décimo terceira da Resolución do 26 de decembro de 2019, faise pública a Resolución da directora da EGAP do 11 de agosto de 2020 pola que se concede unha bolsa de formación para a xestión de procesos de avaliación e calidade que literalmente di:

«En vista de todo o que antecede, da listaxe de suplentes elaborada pola comisión de avaliación da bolsa e da proposta do secretario xeral da EGAP,

RESOLVO:

1. Adxudicar a bolsa de referencia a Ana Moure Soengas NIF \*\*5547\*\*\* por ser a candidata a que lle corresponde por orde de puntuación. As actividades de formación iniciaranse desde a data da súa incorporación na EGAP e finalizarán o 31 de decembro de 2020.



2. Recordarlle á beneficiaria que, de acordo co disposto pola base décimo cuarta da convocatoria, unha vez recibida a notificación desta resolución de concesión da bolsa, disporá dun prazo de dez días para comunicar á EGAP a súa aceptación ou renuncia á bolsa. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa pola súa parte, entenderase tacitamente aceptada, segundo o establecido no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Recordarlle á beneficiaria que, de acordo co disposto pola base décimo cuarta da convocatoria, no prazo de cinco días contados desde a aceptación expresa da bolsa ou do transcurso do prazo para entendela tacitamente aceptada, deberá incorporarse ao desempeño da bolsa na EGAP. No caso de que a beneficiaria non se incorporase neste prazo, ou que renunciase expresamente, perderá os dereitos inherentes á bolsa.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a directora da EGAP no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Asemade, cabe a interposición directa dun recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo que resulten competentes, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da antedita notificación ou publicación, de conformidade co establecido nos artigos 8.2.a) e 14 e 46.1, respectivamente, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2020

A directora da Escola Galega de Administración Pública  
P.D. (Resolución do 17.12.2007; DOG núm. 3, do 2.1.2008)  
Sergio Domingo Baamonde Boquete  
Secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública

